

PUBLIC 805

O Gaiteiro de Lugo

Calendario Gallego

Pro Ano de 1941

Relixioso, profético, astronómico, recreativo,
patriótico, popular e barato

Ano 84 da fundación.

Propiedá rexistrada

Propietario, XERARDO CASTRO

Ha de haber leises ben feitas
e quen non as compra ben
i-o que menos razón ten
na de queixarse das colleitas.



Quen garde os ditos dos pais
e tema a Dios soberano
non ten que temer do ano
que agora ven. Nada mais.

Venta diste Calendario en Santiago, Casas Reales 26,
Manuel Neira Torrado.—Na Coruña, Soto, Otero e Fernández,
San Andrés 24.—En Vigo, Mariano Gareia, calle
Gareia Barbón, 17.—En Ourense, Manuel Garcia e fillos,
Lamas Carbajal, 7.

Pedidos a o Editor XERARDO CASTRO, S. Pedro, 29-LUGO

Felras e mercados da provincia de Lugo

Conceilo de Abadín. — Primeiro e terceiro sábado Gontán.

Alfoz. — 13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xulio Lagoa; o primeiro miércoles Mor.

Antas de Ulla. — O 10 e mercados todos os lunes.

Baleira. — Quincenalmente alternando ca de Castroverde.

Barreiros. — Primeiro domingo e 1.^º de Marzo e mercados os viernes en Souto; terceiro domingo San Xulián

Beceireá. — O 13 e 19.

Begonte. — 1.^º e 15 Pacios e si o 15 é domingo o 14.

Carballedo. — 17 e 29 Castro; 4 Buciños.

Castro de Rey. — Cada quince días en domingo alternando ca de Meira; 8 e último sábado Riberas de Lea.

Caurel. — O segundo e cuarto domingo Seoane; 1.^º e 19 Folgoso; primeiro domingo Ferramullín.

Cervantes. — Cuarto domingo Donís; 28 Quindós; 18 San Pedro; primeiro domingo Seixas.

Corvo. — O primeiro domingo e o 16

Corgo. — 13 Aday; 23 Gomeán.

Cospeito. — Terceiro domingo, chamada a do Monte e o primeiro miércoles de cada mes con mercado os miércoles; primeiro xueves Muimenta.

Chantada. — O 5 e 21 e mercados os martes, xueves e domingos; 2 Laxe.

Castroverde. — Cada 15 días; 12 Miranda.

Fonsagrada. — 20 de Xaneiro, 25 de Marzo, 25 de Abril, Ascención, Corpus, 24 de Xunio, 2 de Xulio, 15 de Agosto, 8, 9, 10 e 21 de Septiembre e 8 de Noviembre e mercados os sábados.

Fox. — Mercados os martes; 10 e 24 Espiñelra.

Friol. — O 4 e 21; 6 e 16 Roimil; 18 Cotá; 26 Guimarey.

Germade. — 4 e 19 Momán; 13 Roupas.

Guntin. — 5 Lousada; 11 Lousadela; 23 Grolos; 15 San Román.

Incio. — O 22.

Xove. — Rigueira e Xove, o cuarto domingo.

O Gaiteiro de Lugo

Calendario Gallego

pro Ano de 1941

según as observacións feitas no Observatorio da
ciudad de San Froilán, con arreglo
o meridiano de Santiago.

ÚNICO QUE SE PUBLICA EN GALICIA

Oómputo eclesiástico.—Aureo núm. 4.—Epacta II.—Ciclo solar, 18.—Indición romana, IX.—Letra dominical, E.—Letra do martiroloxio, C.

Velacións.—Péchanse o 25 de febreiro e o 29 de noviembre.

Abréñse o 14 de abril e o 26 de Nadal.

Ecrises.—Os ecrises do 1940 non son visibles en España.

Festas.—Circuncisión, 1.^º de xaneiro.—Reites, 6.—Septuaxésima, 9 de febreiro.—Domingo de Antroido, 23 de febreiro.—1.^º de Coresma, 2 de marzo.—Domingo de Ramos, 6 de abril.—Pascua, 13.—As Pascuillas, 20.—Ascensión do Señor, 22 de maio.—Pentecostés, 1.^º de Xunio.—Trinidad, 8.—Santísimo Corpus Cristi, 12 de xunio.—Ofrenda do Reino de Galicia a o Sacramento, 15 de xunio.—Sagrado Corazón, 20.—Festa de Cristo Rey, 26 do Outono.—1.^a Dominica de Advento, 30 de Difuntos.

Témporas.—Primeiras, 5, 7 e 8 de marzo; segundas, 4, 6 e 7 de xuño; terceiras, 17, 19 e 20 de setembro; coartas, 17, 19 e 20 de Nadal.

Rogaciōns.—Maiores, 25 de abril; menores, 19, 20 e 21 de maio.

CON FRANCO: ¡ARRIBA ESPAÑA!

Pronóstico de 1941

O «Calendario» axeitado
sal sin «xuicio» no punteiro;
perdeu o xuicio o gaiteiro
e inda non o ten gañado.

Foi de tanto troulear
pol-as festas da Victoria;
si entón perdeu a memoria
non lle podeedes berrar.

Mais sin o «Xuicio do ano»
trai a fé do que virá
que pra longo tempo val
i-a escribeu Don Xián Medrano.

Vela ei vai pouco mais ou menos:
No ano de novecentos
e corenta un e mil
ha vir Maio tras de Abril,
pra os nosos sufrimentos.

Serán tan fortes os ventos
pol-os aires que hoxe vedes
que cairán as paredes
si lles quitán os cimentos.

Nos elementos mariños
haberá gran mudamento,
porque choverá con vento
e... con lama nos camiños.

Faráse do fogo brasa
onde quer que fagan fogo

e o que esté na casa, logo
estará dentro da casa.

A terra ha de ser tan chan,
onde queira que chan sexa,
que a pedra, testa e rexas,
será mais dura que o pan.

Será tan longo o verán
que morra o outono acadando
e será o queixo tan brando
que se partirá coa man.

I-o que todo da man ten,
polos pecados da xente
deixará que esté doente
o que non estexa ben.

Nos ríos ha de pasar
que traían auga tan forte
que pasará pola ponte
quen se non queira mollar.

E quen botare naviñas,
pra que verdá se diga,
verá que xurden pra enriba,
como medran as meniñas.

E anunciaron os doutores
que o mais rico labrador
poderá xantar mellor
que os criados dos señores.

Os tempos que agora son
traen poucas novedades:
han facer sempre ruindades,

os malos de condición.

E como non han faltar
homes bós e agarimosos,
farán feitos xenerosos
e serán bós a fartar.

Moitos han de criticar
das cousas que os outros fagan;
e a todos cantos pagan
pagar lles ha de custar.

Ha de haber leis ben feitas
e quen non as cumpra ben
i-o que menos razón ten
ha queixarse das colleitas.

E así o que ben léera
estas nosas profecías
verá que todol-os días
o que Dios quixo eso era.

Quen dixo que non se aviña
co que Dios quixo e mандou
seipa que lle non quedou
remedio nin mediciña.

Quen garde os ditos dos pais
e tema a Dios soberano
non ten que temer do ano
que agora ven. Nada mais.

O Gaiteiro.

Notas vellas

Quen trouxo a semente dos eucaliptus da Australia foi o P. Salvado, monxe benedictino galego. Notabre músico, fundador de Nova Nursia, bispo de Porto Vitoria, naceu en Tuy no ano 1814.

As mazáns «camoosas» levan tal nome pol-a familia galega dos Camoens, hoxe chamados Camaños, da que veu o gran poeta portugués.

Un Conde de Lemos Virrey do Perú foi tan poderente que fixo «empedrar» de prata unha rúa de Lima pra o paso da procesión del Señor.

En Galicia no século XVI pagábaselle a un escollante un real ao mes pol-o ensinio de cada neno.

O Archivo do Reino de Galicia da Coruña garda mais de 500.000 preitos con 2.000.000 de pezas. Os índices ocupan 158 volumes en folio.

.....

Martín Conde (A semán do leñador)

Martín Conde
vai na leña.
Lunes sale,
martes chega,
coarta talla,
quinta pón,
viernes ata
sábado carreta,
¡Mulleiriña,
Lume encende
que ó fin ven
Martín Conde
xa coa leña!

XANEIRO 31 DIAS

ADICADO AO NENO XESÚS

- 1 Miér. † A Circuncisión do Señor. — ss. Fulxencio, Xustina, Martiña i-Eufrosiana.—I. P.
- 2 Juev. ss. Macario, Isidoro, Narciso e o Beato Pedro abade (G).
- 3 Vier. ss. Genoveva e Daniel.
- 4 Sáb. ss. Aquilino, Tito e Benedicta.
- 5 Dom. O Santísimo Nome de Xesús.—ss. Anastasio e Teodoro bispos (G), Telesforo, Eduardo, Apolinar i-Emiliana.

Crescente en Aries a 1º40 da tarde

¶ Si o vento mareiro deixa paso ao N. que xa ven querendo axudarnos teremos uns días límpios, de moita triaxe, anque non tanta como a do derradeiro mes de Santos.

- 6 Lun. † Epifanía. A Adoración dos Santos Reises, Melchor, Gaspar e Baltasar e S. Meliano.—I. P.
- 7 Mar. ss. Xullán patrón do Ferrol e Fiz.
- 8 Mier. ss. Maximino, Luciano e Gúdula.
- 9 Juev. ss. Marcelino, Xulián, Vidal e Marciana.
- 10 Vier. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xohan.
- 11 Sab. ss. Teodosio, Hixinio, Salvio e Anastasio.
- 12 Dom. ss. Arcadio, Victoriano, Benito e Modesto.
- 13 Lun. ss. Leoncio, Gumersindo e Ve Ónica.

Cheia en Cáncer as once e catro minutos

¶ Tempo craro, con mañanciñas de xiada, quentura de sol no meiodía e un ventiño que corta nas seráns, máis nin é xeral nin ten moita seguranza.

- 14 Mar. ss. Hilario i-o beato Bernardo de Corleón.
- 15 Miér. ss. Pablo, Mauro e Benito.
- 16 Juev ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honorato.
- 17 Vier. ss. Antonio abade, Rosalina e Leonila.
- 18 Sáb. A Cátedra de S. Pedro en Roma, e Santa Margarida.
- 19 Dom. ss. Sara, Marta, Canuto e Mario

Sol en Acuario as 10 27 da mañán

20 Lun. ss. Fabián, Sebastián e Felisa.

Mingoante en Libra, as dez da mañán

● Tornan os ventos do mar. Tempo con mudanzas, treboadas e borrascas. Moite neve nas terras outas.

21 Mar. ss. Inés, Froitozo e Plubio.

22 Miér. ss. Vicente, Anastasio, Luitolde e Gaudencio.

23 Juev. ss. Adefonso e Raimundo.

24 Vier. N.º S.ª da Paz e ss. Timóteo e Feliciano.

25 Sáb.-ss. Ansurio, Bimarasio, Gonzalo Osorio, Froilengio, Serdendo, Viliulfo, Pelavo Alfonso e Pedro bispos (G), A Conversión de S. Pablo e Sta. Elvira.

26 Dom. ss. Policarpo, Teógenes e Paula.

27 Lun. ss. Olallá, Anxela, e Xohan Crisóstomo.

Lua nova en Acuario, as once de mañán.

● A lua que é nova e febreiro que é tolo e vai chegando, han sacar por fillo un tempo revolto. Ogallá sigan as chuvias pra termos un ano temporeiro.

28 Mar. ss. Xulián, Cirilo, Tirso e Inés.

29 Miér. ss. Francisco de Sales, Valero e Ruzafa.

30 Juev. ss. Hipólito e Fiz.

31 Vier. ss. Pedro Nolasco, Xulio e Marcela.

NOTA.—I. P., Indulgencia Plenaria; I. B., Indulgencia Parcial;
(G) Santos Galegos.

Pronósticos do ano

Ano de ameixas, ano de queixas.

Ano de amoras, ano de choras.

Ano de nevadas, ano de fornadas.

Ano de noces, ano de mortes.

Ano de peras, nunca acá veñas.

Ano de landras, ano de grasas.

Ano de saltón, ano de perdigón.

Ano de ovellas, ano de abellas.

Ano de xiadas, ano de parvas.

FEBREIRO 28 DIAS

ADICADO A CANDELARIA

1 Sáb. ss. Ignacio, Severo, Pablo y Bríxida.

2 Dom. A Candelaria e Sta. Feliciana.

3 Lun. ss. Blas, Fiz e o Beato Nicolás.

4 Mar. ss. Andrés, Leonisa e Gilberto.

D Crecente en Tauro, as once do mañán.
Aminguan as chuvias e chegan unhas xiadñas que queren amolincrarnos. Inda que duren pouco non deixan de traer os seus danos.

5 Miér. ss. Francisco Blanco, mártir (G), Agueda, Calamanda e Albino.

6 Juev. ss. Teófilo, Saturnino e Dorotea.

7 Vier. ss. Romualdo, Ricardo e Xuliana.

8 Sáb. ss. Xohan de Maña, Ciriaco, Paulo e Dionisia.

9 Dom. de Septuaxésima.—ss. Donato e Apolonia.—
Anima. — I. P.

10 Lun. ss. Escolástica, Sotera e Xacinto.

11 Mar. ss. Saturnino, Lázaro e Desiderio.

12 Miér. ss. Euxenio, Damián e Olalla.

D Chea en Leo, as doce da noite:
Sol de febreiro que come e mata. Ollo con él, que os días nin son boos pra o campo nin aquecen á saude. Ben vamos si chega unha reguiña.

13 Juev. ss. Estebo abade (G), Benigno, Marcelo, Lucina e Catalina

14 Vier. ss. Valentín e o beato Xohan Bautista.

15 Sáb. ss. Severo, Casto, Lucio e Decoroso.

16 Dom. de Sexaxésima.—ss. Elías, Isaías, Xeremías, Xulián e Faustino —I. P.

17 Lun. ss. Xulián de Cadocia e Alexo.

18 Mar. ss. Teotonio (G), Simeón, Claudio i-Eladic.
Mingoante en Escorpio, as seis do serán

C Qeixábaste do sol, pois eiqui tes a chuvia. E chega ben. Que non sean moitas as borrascas do mar, i-los mariñeiros han de agradecerello a Virxe do Carmen que é a sua abogosa.

- 19 Miér. ss. Gabino, Alvaro e Conrado.
Sol en Piscis as 12'50 da noite
- 20 Juev. ss. León, Eleuterio e Nemesio.
- 21 Vier. ss. Máximo, Fiz e Ovidio
- 22 Sáb. A Cátedra de S. Pedro en Antioquía e ss. Pas-
 casio e Tecla.
- 23 Dom. de Quinuacréssima (*Antroido*). ss. Ordoño bispo
 (G), Marta, Margarida e Florencio.—I. P.
- 24 Lun. ss. Matías, Modesto, Sergio e Primitiva.
- 25 Mar. de *Antroido*.—ss. Valerio monxe (G), beato Se-
 bastián de Aparicio (G), Cesáreo, Valero e Do-
 nato —*Péchanse as velacións*.
- 26 Miér. de Ceniza.—ss. Alejandro, Fortunato e Victor.
 —*Ayuno sin abstinencia* —I. P.
Nevz en Pisois, as tres da noite.
- Tivemos un respiro; non dura moito. Ceo revolto,
 saravia, treboadas, todo é mellor que as xiadas que
 queren vir co sol en alguns vals mais frios. Ben se ve
 que a lua entra en día borralleiro.
- 27 Juev. ss. Baldomero e Leandro.—I. B.
- 28 Vier. ss. Basilio e Procopio.—*Ayuno con abst.*—I. P.
-

Refráns de Antroido

Martes de Antroido, ¿cando has de vir? Casquiñas de ovos que habés de rexir.

O Antroido cas suas artes botou a San Matías
 fora de martes.

Cada Antroido, seu choqueiro.

T r o u l a

- ¿Cantos son os mandamentos?
 —Asegún: dez pra os homes e nove pras mulleres.
 —Na miña vida tal vin.
 —Si señor, nove, porque as mulleres non poden
 cobizar á muller do seu próximo.

MARZAL 31 DIAS

ADICADO A SAN XOSÉ

- 1 Sáb. S. Rosendo bispo, S. Manilán abade (G) e O Sto. Anxel da Guarda.—I. P.
- 2 Dom. I de Coresma.—ss. Simplicio, Pablo e Lucio.—I. P.
- 3 Lun. ss. Emeterio, Celedonio e Ticiano.—I. P.
- 4 Mar. ss. Casimiro, Cayo e Lucio —Anima.—I. P.
- 5 Miér. ss. Eusebio, Adrián, Teófilo e Nosa Sra. de África.—Témpora —Año sin abst.—I. P.
- 6 Juev. ss. Victoriano, Víctor e Cirilo.—I. P.

Creciente en Géminis, as sete e vintecinco da mañán.

● Somella que imos retornar á invernía brava según se revolve o tempo. O crecente en Géminis deberá traer melloría, mais quizaves non poida.

- 7 Vier. ss. Tomás de Aquino e Felicitas.—Témpora.—Año e abstinencia.—I. P.
Festividade dos estudiantes.
- 8 Sáb. ss. Xohan de Dios e Fiz.—Témpora.—I. P.
- 9 Dom. II de Coresma.—ss. Francisca e Catalina.—I. P.
- 10 Lun. ss. Crescencio, Alejandro e Melitón.—I. P.
- 11 Mar. ss. Euloxio, Constantino e Fermín.—I. P.
- 12 Miér. ss. Gregorio e Ntra. Sra. da Misericordia.—Año.—I. P.
- 13 Juev. ss. Leandro, Cristina i-Eufrasia.—I. P.

● *Cheia en Virgo, as doce menos coarto da mañán.*
Lua cheia, tempo bo, criador e amorosoño. Mais velei ven un vento que quer reviralo, xa veremos si pode ou non.

- 14 Vier. ss. Florentina e Matilde.—Año e abs.—I. P.
- 15 Sáb. ss. Anxel Tutelar de G., Longines, Raimundo e Melitón.—Anima.—I. P.
- 16 Dom. III de Coresma.—ss. Xulián, Ciriaco e Agapito. Anima.—I. P.
- 17 Lun. ss. Xosé de Arimatea e Patricio.—I. P.
- 18 Mar. ss. Cirilo, Gabriel, Salvador e Braulio.—I. P.
- 19 Miér. † San Xosé esposo da Sma. Virxe.—Año.—I. P.

20 Juev. ss. Martiño de Dumio bispo (G), Eufemia e Ambrosio.—I. P.

Mingoante en Sagitario, as tres da mañán.

 *Vaya si se revirou o tempo! Temos auga a faltar, que mesmo se libra o ceo.*

21 Vier. ss. Benito e Filemón.—Aúro e abstinencia.—I. P.
Sol en Aries as doces en coiroto da noite

PRIMAVERA

22 Sáb. ss. Deogracias, Plubio e Basilio.—I. P.

**23 Dom. IV de Coresma.—ss. Victoriano, Fidel e Toribio.
—Anima.—I. P.**

24 Lun. ss. Simeón e Agapito.—I. P.

25 Mar. A Anunciación da N. Sra. i-Encarnación do Señor, ss. Dimas e Quirino.—I. P.

26 Miér. Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), ss. Braulio e Teodosio.—Aúno.—I. P.

27 Juev. ss. Ruperto, Lidia e Alejandro.—I. P.

Nova en Piscis, as oito e cuarto da noite.

 Non moiito, pero algo vaise mellorando, i anque o tempo xeitoso pouco dura sempre será mellor que o pasado. Ventos do Nordés.

28 Vier. ss. Castor, Doroteo e Sixto.—Aúno e abstinencia.—I. P.

29 Sáb. ss. Pastor, Xonás i Eustasio.—I. P.

30 Dom. de Pasión ou de Lázaro.—ss. Xohan Climaco, Víctor e Régulo.—I. P.

31 Lun. ss. Amadeo e Amós.—I. P.

Primavera

Feixes de lanzas de sol, urros de festa algareira,
albas de garridas coores, cantos das aves pintadas,
regueiros murmuradores, orballos das alboradas,
ramos d'árbores en frol, xa veñen coa primavera..

inda bendiga Dios as novas frotes,
lanzas de sol, regueiros e coores.

† **MANUEL LAGO GONZALEZ**
Arcebispo de Compostela, finado en 1925

ABRIL 30 DIAS

ADICADO AOS DOORES DA VIRXE

- 1 Mar. ss. Venancio, Macario e Teodora.—*Festa nacinal.*—I. P.
- 2 Miér. ss. Francisco de Paula e Abundio.—*Año.*—I. P.
- 3 Juev. ss. Engracia virxe mártir (G), Benito, Ricardo, Benigno e Ulpiano.—I. P.
- 4 Vier. de Doores.—ss. Isidoro, Victor e Zósimo.—*Anima.*—*Año e abstinencia.*—I. P.
- 5 Sáb. Bto. Xohan de Viveiro, ss. Vicente Ferrer, Emilia e Irene.—*Anima.*—I. P.

Crescente en Cáncer, as doce e coarto da noite.

¶ A brétema das mañas non favorece os pomares da riveira. Nos outos tornamos a ter neve, que se derreterá axiña.

- 6 Dom. de Ramos.—ss. Celso, Celestino e Marcelino.—I. P.
- 7 Lun. ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.—I. P.
- 8 Mar. ss. Perpetuo, Alberto, Máxima e Xenaro.—I. P.
- 9 Miér. ss. María Cleofé, Casilda e Prócoro.—*Año.*—I. P.
- 10 Juev. Santo.—ss. Urbano abade (G), Ecequiel e Daniel.—I. P.
- 11 Vier. Santo.—ss. León, Antipas e Isaac.—*Año e abstinencia.*—I. P.

Cheia en Libra, as nove e coarto da noite.

¶ Boanza, con xiadas. Chan enxoito. Una reguiña de cando en ves que non se precisaba pra os traballos, ben o sabe Dios, mais que non mágoa.

- 12 Sáb. Santo ou de Gloria.—ss. Victor mártir (G), Constantino e Zenón.—I. P.
- 13 Dom. de Pascua de Resurrección.—ss. Hermenexildo, Xustino e Máximo.—I. P.
- 14 Lun. ss. Pedro González Telmo ab. dos mariñeiros (G), e Tiburcio e Valeriano.—*Abrense as velações.*—I. P.
- 15 Mar. ss. Anastasia, Basilisa, Victorina i-Elena.—I. P.

16 Miér. ss. Toribio bispo de Astorga, Froitoso de Braga bispo e fundador (G), Engracia e Cayo.—*Anima*.—I. P.

17 Juev. ss. Aniceto, María Ana i-Elena.—I. P.

18 Vier. ss. Eleuterio, Andrés e Toribio.—I. P.

● *Mingoante en Capricornio, a unha da tarde.*
A tempía, mais mollada, non é mala de todo pra os traballos, anque algúns se queixan, porque non pode chover a gusto de todos.

19 Sáb. ss. Vicente, León, Hermóxenes e Crescencio.—*Festa nacional*.—I. P.

20 Dom. in Albis (as Pascuillas).—ss. Bto. Alfonso de Ourese (G), Inés de Monte Pulciano, Marcelino e Víctor.—I. P.

Sol en Tauro as doce menos coarto da mañán

21 Lun. ss. Anselmo, Apolonio e Alexandra.

22 Mar. ss. Serónima virxe (G), Sotera, e Angustias.

23 Miér. ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente.

24 Juev. ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio.

25 Vier. ss. Marcos, Aniano i-Estebo.—*Rog. maiores*.—I. P.

26 Sáb. ss. Pedro de Rates, Miguel González (G), Cleto, Marcelino e N. Sra. da Saleta

● *Nova en Tauro, a unha e media da tarde.*
Vento do S. e do SO. Xa tornamos a chuvia i-as ventanás, que imos pra o mes de maio e poucas veces se nos amostra como din os cántares.

27 Dom. Nosa Señora a Divina Pastora e ss. Anastasio, Toribio e Pedro.

28 Lun. ss. Estebo, Prudencio, Patricio e Vidal.

29 Mar. ss. Pedro de Verona, Roberto e Hugo.

30 Miér. Solemnidade (Patrocinio) de S. Xosé.—ss. Amador, Sofia, Lourenzo e Catalina.

Refráns da Semán Maior

Domingo de Ramos, lava os teus panos, que na Semán Maior lavarás ou non.

Se a procesión dos Dolores sal tamén salen as demáis.

MAIO 31 DIAS

M E S D A S F R O R E S

- 1 Juev. ss. Felipe, Santiago, Sexismundo e Orêncio.
- 2 Vier. ss. Anastasio e Fiz. *Festa Nacional.—I. P.*
- 3 Sáb. A Invención da Santa Cruz e S. Aleixandro.
- 4 Dom. ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina.

Creciente en Leo, a unha menos dez da tarde.
Cambios no vento, non no tempo. Ao remate a primaveira quérese amostrar cuns días bos pra o campo, i-o vento non quer deixala, pois o crecente ven en Leo.

- 5 Lun. ss. Pío, Máximo, Eulogio e Agustiño.
- 6 Mar. ss. Xohan Ante-Portam-Latinam patrón dos impresores, Benita e Nosa Sra. da Cabeza.
- 7 Miér. ss. Augusto, Agustiño, Domitila e Benedicto.
- 8 Juev. Nosa Señora dos Desamparados e S. Eladio.
- 9 Vier. ss. Gregorio Naciancenzo e Lucas.
- 10 Sáb. ss. Antonino e o beato Xob.
- 11 Dom. ss. Domingo eremita (G), Florencio e Anastasio.

Cheia en Escorpio, as cinco e coarto da mañán.
A primavelra púdolle ao vento. Temos unha bris mainiña, i-un tempo doce. Anque non duren, o campo os agradece.


- 12 Lun. ss. Domingo da Calzada i-Epitafio.
- 13 Mar. Nosa Sra. dos Mártires e S. Pedro Regalado.
- 14 Miér. ss. Bonifacio, Pascual, Xusta e Xustina.
- 15 Juev. ss. Isidro labrador, Torcuato e Simplicio.
- 16 Vier. ss. Xohan Nepomuceno, Honorato e Ubaldo.
- 17 Sáb. ss. Pascual Bailón e Bruno.
- 18 Dom. ss. Félix Cantalicio e Dióscoro.

Cingoante en Acuario, á unha e coarto da noite.
Pouco dura o tempo amorosoño. Unha borrasca, de vento quente, veno trubar. ¡Dios nos aparte da saravia e do trebón nestes días! Poucas son as malas fadas i-axiña voltarem os a días bós anque mollados.

- 19 Lun. ss. Pedro Celestino, Ciriaca e Prudencia.—*Rogacions*.—I. P.
- 20 Mar. ss. Bernardino de Sena e Anastasio.—*Rogacions*.—I. P.
- 21 Miér. ss. Victorio, María do Socorro e Secundino.—*Rogacions*.—I. P.
Sol en Geminis as once e coarto da mañán
- 22 Juev. † A Ascensión do Señor.—ss. Rita de Casia, Elena e Rufino.—I. P.
- 23 Vier. ss. Desiderio, Basilio e Miguel.
- 24 Sáb. ss. Torcuato, Susana e Robustiana.
- 25 Dom. ss. Genadio bispo (G), Gregorio, Luciano e Dionisio.
- 26 Lun. ss. Felipe Neri e Zacarías.

 *Nova en Géminis, as cinco e coarto da mañán.*
 Dias limpos. Logo un víraxe de vento cara o sul e xornadas revoltas de ceo cuberto.

- 27 Mar. ss. Xohan, Restituta, Xulio i- Eutropjo.
- 28 Miér. ss. Viliulfo, bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio, Luciano, Xermán i- Emilio.
- 29 Juev. ss. Teodosia e Maximino.
- 30 Vier. ss. Donadeo, Máximo e Bonelo, monxes do Bierzo (G), Fernando Rey de España e Basilio.
- 31 Sáb. ss. Crescencio, Petronila e Pascasio.—*Aúno e abstinencia*.—I. P.



Refráns da Ascensión

Na semán da Ascensión, tres días carne, tres días non.

Chuvia na semán da Ascensión, cría nos trigos mourón.

A chuvia pol-a Ascensión, leva o centeo e deixa o relón.

Chuvia na Ascensión, nin boa faba, nin bón melón.

XUNIO 30 DIAS

MES DE SAN XOHÁN

1 Dom *Pascua de Pentecostés ou do Espírito Santo — Beatos Pedro Vázquez e Antonio de San Boaventura mártires (G.), Nosa Sra. da Luz e Santos Iñigo e Fortunato.* — I. P.

2 Lun. ss. Marcelino, Pedro e Nicolás Peregrino. — I. P.

● *Crescente en Virgo, as dez da noite.*

Treboadas. Ventos fortes. Alguns días mais mainos. Xa non queda neve nos outos.

3 Mar. ss. Paula, Clotilde, Isaac e Ovidio. — I. P.

4 Miér. ss. Francisco Caracciolo, Saturnina e Quirico. — *Témpora.* — I. P.

5 juev. ss. Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho. — *Anima* — I. P.

6 Vier. ss. Gonzalo de Acebeiro abade (G), Norberto, Felipe, Amancio e Paulina. — *Témpora.* — *Abstinencia* — I. P..

7 Sáb. O Trunfo de San Pablo e S. Roberto. — *Témpora.* — *Anima*. — I. P.

8 Dom. A Santísima Trinidad e ss. Medardo, Salustiano e Maximiano.

9 Lun. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio.

● *Cheia en Sagittario, as doce e meia da tarde.*
Quer asomar o vran. Vento quente. Non fallan treboadas que mágoen as colleitas.

10 Mar. ss. Restituto, Ciriaco e Margarida.

11 Miér. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaira.

12 Juev. † *Sanctissimum Corpus Christi.* — ss. Xohan de Sahagún, Nazario e Onofre.

13 Vier. ss. Antonio de Padua e Luciano.

14 Sáb. ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino.

15 Dom. ss. Modesto, Crescencia, e Benilde. — *Ofrenda do Reino de Galicia o Smo. Sacramento en Lugo.*

16 Lun. ss. Benón, Francisco de Regis e Quirico.

Mingoante en Piscis, as catro menos coarto da tarde.

¶ Dios nos libre dos nubrados que veñan agora, pois o mingoante ven en Piscis. A auga que trai o vento do mar quita viño e non da pan, como rezan os ditos. Ano de fruta de hoso.

- 17 Mar. ss. Manuel, Ismael e Pablo.
- 18 Miér. ss. Marco, Marceliano e Paula.
- 19 Juev. ss. Gervasio, Protasio, Bonifacio e Ursicino.
- 20 Vier. O Sagrado Corazón de Xesús e ss. Silverio, Florentina e Macario.
- 21 Sáb. O Purísimo Corazón de María, e ss. Luis Gonzaga, Raimundo e Demetria

Sol en Cáncer as sete e media da tarde

V R A U

- 22 Dom. ss. Paulino, Albano, Flavio e Niceas.
- 23 Lun. ss. Zenón, Fiz e Agripina.
- 24 Mar. A Natividade de S. Xohan Bautista e ss. Xohan Treson ermidaos (G), e Fausto

¶ *Nova en Géminis, as sete e coarto do serán.*
A lúa entra con calores a reo, sin que as chuvias veñan a amingoalos nas terras húmedas, cando chega San Cristobo co seu cobo.

- 25 Miér. ss. Orosia, Guillermo, Próspera e Lucía.
- 26 Juev. ss. Paio de Tuy mártir, Hermoigio bispo (G), Xohan, Pablo e Virginio.
- 27 Vier. Nosa Sra. do Perpétuo Socorro e S. Zoilo.
- 28 Sáb. ss. León, Argimiro, Paulo e Benigno.
- 29 Dom. † San Pedro e San Pablo e ss. Mareelo e Siro.
- 30 Lun. A Conmemoración de Sant-Iago Apóstol e Santa Emilia.

T r o u l a

—¿Fai favor de me decir cal é a aceira de enfrente?

—Aquela.

—Estache boa, xa preguntei alá e dixéronme que era ésta.

XULIO 31 DIAS

M E S D E S A N T - I A G O

- 1 Mar. S. Faxildo abade de Antealtares (G), O Precioso Sangue de Noso. Sr. Xesucristo, ss. Casto, Martín, Leonor e Galo.
2 Miér. A Visitación de Nosa. Sra. e S. Longines.

Crescente en Libra, as catro e media da mañán.

- 3 Temos en casi toda Galicia tempo bo e sereo que se afimará na lúa chea.

- 3 Juev. ss. Trifón, Xacinto, Heliodoro i-Eulogio.
4 Vier. ss Laureano, Flaviano e Teodoro.
5 Sáb. ss. Miguel dos Santos, Zoa e Filomena.
6 Dom. ss. Dominica, Isajas, Lucía e Rómulo.
7 Lun. ss. Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindis.
8 Mar. ss. Isabel, Agapito e Procopio.

Cheia en Capricornio, as oito e coarto da noite.

- 9 Miér. ss. Cirilo, Alexandre, Anatolia e Zenón.
10 Juev. Bto. Xohan Xacobo Fernández, mártir (G), e ss. Cristobo, Amalia, Segunda e Rufina.

- 11 Vier. ss. Dictinio bispo (G), Pío I, Abundio e Sabino.
12 Sáb. ss. Xohan Gualberto, Félix e Marciana.
13 Dom. ss. Anacleto, Uxio, Xoel i-Esdras.
14 Lun. ss. Estebo abade (G.), Boaventura, Xenaro, Xusto e Marcelino.
15 Mar. ss. Enrique, Camilo e Antíoco.
16 Miér. Nosa Señora do Carmen e S. Fausto.

Mingoante en Aries, as oito e coarto da mañán.

- 17 Nas terras de ribeira veiu chuvia dabendo. E nos outos non faltaron treboidas. O Apóstolo chámase «o fillo do Trono» e as nubes non queren deixar de darlle visita na sua campa de Compostela, emporiso venén agora todas xuntas facer a sua romaxe, iranse cedo.

- 17 Juev. ss. Alexo, Marcelina, León, Xacinto e Xenerosa.—*Festa Nacional.*
 18 Vier. ss. Mariña de Augasantas Virxe e mártir (G), Sinforosa, Emiliano e Federico. *Festa Nacional.*
 19 Sáb. ss. Vicente de Paúl, Arsenia e Xusta.
 20 Dom. ss. Elías, Librada, Xerome, Emiliana e Severa.
 21 Lun. ss. Práxedes, Feliciano e Xusta.
 22 Mar. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo.
 23 Miér. ss. Apolinar, Brixida, Bernardo e Liborio.

Sol en Leo as seis e coarto da mañán

CANÍCULA

- 24 Juev. ss. Cristina, Francisco Solano e Víctor.

 *Nova en Cáncer, as sete e corenta da mañán.*
 Entrá ben se non fora por uns ventiños pouco xeitosos que fan variar o tempo.

- 25 Vier. + O APÓSTOLO SANT-IAGO O MAIOR PADROEIRO DA PÁTRIA.—ss. Cristóbal e Cuchiflate.
 26 Sáb. ss. Ana nai de Nosa Señora e Tudela
 27 Dom. ss. Pantaleón, Xuliana e Semproniana.
 28 Lun. ss. Victor, Nazario, Celso i-Eladio.
 29 Mar. ss. Marta, Serafina, Beatriz, Fiz e Próspero.
 30 Miér. ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Carmona.
 31 Juev. ss. Ignacio de Loyola e Pablo.

 *Crescente en Escorpio, as nove e vinte da mañán.*
 Xa temos chuvias enriba. Ven o mes da Pelengrina e bótase cara un tempo escuro. A auga pode ser viño nestes días.

Compostela

Os pardaus queren casarse
 coa vila de Compostela,
 gallas en frol de campanas
 amañecen nas fenestras.

Os pardaus queren casarse,
 que van de ruada á iglesia,

EUGENIO MONTES.

AGOSTO 31 DIAS

MES DE SANTA MARÍA

- 1 Vier. ss. Pedro Advíncula, Fiz e Nemesio.—*Xubileu da Porciúncula.*
- 2 Sáb. ss. Alfredo, Máximo e Nosa. Sra. dos Anxos.
- 3 Dom. A Invención de S. Estebo e S. Eufronio.
- 4 Lun. ss. Domingo de Guzmán, Perpetua i-Eutelio.
- 5 Mar. Nosa Sra. das Neves e S. Emigdio.
- 6 Miér. A Transfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor.
- 7 Juev. ss. Cayetano, Alberto, Donato e Sicilia.
Cheia en Acuario, as cinco e media da mañán.
- Si se quer marchiar a borrasca que poña mal rostro, deixala ir. Agora, aproveitade os días bos por si son poucos.
- 8 Vier. Bto. Roxerio de Meira (G), ss. Ciriaco, Emilianno e Marino.
- 9 Sáb. Bta. Urraca Sarmento abadesa (G), ss. Román, Marciano e Cleto.
- 10 Dom. ss. Lourenzo ab. contra os incendios e Paula.
- 11 Lun. ss. Tiburcio, Filomena e Susana.
- 12 Mar. ss. Eusebio, Hilaria e Felicísima.
- 13 Miér. ss. Casiano, Hipólita, Aurora i-Elena.
- 14 Juev. ss. Nuño Alvarez coengo, (G), Eusebio, Anastasia e Demetrio.—*Vixilia da Asunción.*—*Auno e abstinencia.*
- 15 Vier. † A Asunción, N.ª S.ª de Todo o Mundo, N.ª S.ª dos Ollos Grandes, P. de Lugo, S. Payo, bispo (G).
Mingoante en Tauro, a unha corenta da mañán.
- Mingoante no día de Nosa Señora. Queira Ela que non amingue o bo tempo. E que uns ventiños lenes da banda da terra traian boa temperanza.
- 16 Sáb. ss. Roque, Xacinto e Xaqiñ pai de N.ª S.ª
- 17 Dom. ss. Paulo, Xuliana, Librada e Anastasio, e Santas Godina abadesa, i-Eufemia Virxe e mártir (G.)
- 18 Lun. ss. Leonardo, Clara i-Elena.

- 19 Mar. ss. Mariano, Luis e Maxin.
 20 Miér. ss. Bernardo, Samuel e Severo.
 21 Juev. ss. Fidel, Ciriaca e Francisca de Fremiof.
 22 Vier. ss. Fabriciano e Timoteo.
Nova en Leo, as seis e media da tarde.
 23 Sáb. ss. Felipe, Benicio e Valeriano.
Sol en Virgo a unha e nove m. da tarde
 24 Dom. ss. Bartolomé i-Aurea.
 25 Lun. ss. Luis, Xenxo e Patricia.
 26 Mar. ss. Ceferino, Segundo e Vitores
 27 Miér. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz.
 28 Juev. ss. Agustín, Bibiano, Paio e Moisés.
 29 Vier. A Degollación de S. Xohan Bautista.
Crescente en Sagitario, as duas da tarde.
 30 Sáb. ss. Ero de Armenteira abade (G), Rosa de Lima, Celedonio i-Emeterio.
 31 Dom. ss. Osorio Gutiérrez o Conde Santo de Lourenzana (G), Ramón Nonnato e N.ª S.ª do Bó Viaxe.
-

Adiviña

Pucariño,
 manxariño,
 nin asado,
 nin cocido,
 nin revolto con culler;
 adiviñe quen quixer.

A NOZ

SEPTEMBRO 30 DIAS

ADICADO A SAN MIGUEL

1 Lun. ss. Xil de Casaio abade (G) e Lupo.

2 Mar. ss. Antolín, Estebo e Máxima.

3 Miér. ss. Columbiano, Ladisiao e Serapia.

Sale a CANICULA

4 Juev. San Adrián eremita (G), Nosa S.^a da Consolación e ss. Cándida e Rosa.

5 Vier. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obdulia.

6 Chea en Piscis, as cinco e media da tarde.
Bó tempo. Días que aquecen ao viño. Ceo sereo que non pode turbar unha virazón mareira.

7 Dom. ss. Vicencio abade (G), Clodoaldo, Anastasio e

Nosa S.^a dos Reises.

8 Lun. A Natividade de Nosa Señora.

9 Mar. ss. María da Cabeza, Serxio e Gorgonio.

10 Miér. ss. Pedro de Mezonzo bispo, autor da Salve (G) Nicolás de Tolentino e Pulqueria.

11 Juev. Nosa Sra. das Viñas y ss. Proto e Xacinto.

12 Vier. O Santísimo Nome de María e S. Leoncio

13 Sáb. ss. Samuel bispo de Iria (G), Felipe, Eulogio e Maudillo.

Mingoante en Géminis, as sete e meia do serán.
O tonel de San Miguel ven con adianto. Que o santo achante ben ao demo e non nos veña logo moliar as vendimas. Sigue o vento O.

14 Dom. A Exaltación da Sta. Cruz e S. Victor.

15 Lun. Os Dolores Gloriosos de Nosa Sra. e ss. Nicanor, Valeriano e Porfirio.

16 Mar. ss. Cipriano i- Eufemia

17 Miér. As Chagas de S. Francisco e S. Pedro Arbués.—Témportas.—I. P.

18 Juev. ss. Tomás de Villanueva e Sofía.

19 Vier. A Aparición da Virxen da Saleta.—Témportas.—Astinencia.—I. P.

20 Sáb. ss. Eustaquio, Agapito e Cándida.—*Témportas.*
—I. P.

21 Dom. ss. Mateo, Isacio e Pánfilo.

Nova en Virgo, as catro e media da mañán.

● Días serenos, noites molladas, mañás de friaxe. O vento xira ao nordés. Non sei si pasaremos sin chuvias, dice o noso San Froilán.

22 Lun. ss. Mauricio, Lourenzo e Xonás.

23 Mar. ss. Lino, Fausto e Tecia.

Sol en Libra as dez e media da mañán

O U T O N O

24 Miér. Nosa S.^a das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio.

25 Juev. ss. Lope, María de Cervellón e Fermín.

26 Vier. ss. Amancio, Cipriano e Xustina.

27 Sáb. ss. Cosme e Damián.

Creciente en Capricornio, as cito e dez da noite.

● Treboada. Ventos do Sur. Galerna no mar. Uns días de respiro.

28 Dom. ss. Wenceslao e Máximo.

29 Lun. San Miguel Arcángel.

30 Mar. ss. Gregorio, Xerome e Sofia.



T r o u l a s

—¿Porqué non te ergues da cama? ¿E que non te atopas ben?

—Percisamente por iso non me ergo; pol-o ben que me atopo.

—O primeiro pito que fumaches dariache door de estómago.

—Non home, doeume todo o corpo.

—¡E raro!

—Sí, foi da malleira que me pegou o meu pai.

OUTONO 31 DIAS

ADICADO AO SANTO ANXEL

- 1 Miér. O Sto. Anxel Custodio, ss. Remixio e Gervasio.
Dia do Caudillo.
- 2 Juev. Os Anxos da Guarda, Saturio i-Eutelo.
- 3 Vier. Bto. Vela eremita (G), ss. Dionisio, Fausto, Cándido e Xerardo.
- 4 Sáb. ss. Francisco de Asís, Cayo e Aurea.
- 5 Dom. ss. Froilán bispo patrón de Lugo (G), e Plácido.

Cheia en Aries, as oito e media da mañán

San Froilán trai lua cheia... e ha de ser boa. Sigue a melloria. Onde as chuvias ceden de todo non deixa de haber algunha xiada que apenas mágoa.

- 6 Lun. ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno.
- 7 Mar. Nosa Sra. do Rosario e ss. Serxio e Marco.
- 8 Miér. ss. Demetrio, Paio e Nestor.
- 9 Juev. Nosa Sra. da Cinta e S. Dionisio.
- 10 Vier. ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino.
- 11 Sáb. ss. Nicasio, Xermán e Fermín.
- 12 Dom. Nosa Sra. do Pilar e do Remedio.—*Festa oficial da Raza.*
- 13 Lun. ss. Pedro bispo (G), Eduardo, Marcial e Venancio. A Aparición da Virxe de Fátima.

Mingoante en Cáncer, as unha da tarde.

 Nubes baixinas, mañáns de borralla, humedade. Vento domiñante S. O Algún crariño a derradeira pra entrar con frío seco na lúa nova.

- 14 Mar. ss. Calixto, Evaristo e Bernardo.
- 15 Miér. ss. Teresa de Xesús e Bernardo.
- 16 Juev. ss. Florentino e Ambrosio.
- 17 Vier. ss. Eduvigis, Mariano, Mamerto e Victor.
- 18 Sáb. ss. Lucas, Xulián e Trifona.
- 19 Dom. ss. Pedro de Alcántara e Rosina.
- 20 Lun. ss. Caprasio, Xohan Cancio e Irene.

Nova en Libra, as duas da tarde.

 A lúa que entra con xiadas vai medrando con hu-

medade. Tornan borrhascas O vento S. O. revira o tempo i-o ceo queda cuberto moitos días.

21 Mar. ss. Hilarión, Astorio e Arturo.

22 Miér. ss. María Salomé e Cerdula.

23 Juev. ss. Servando, Pedro Pascual e Xermán.

Sol en Escorpio as sete e coarto da tarde

24 Vier. ss. Beata Paula de Frassinetti e Rafael Arcánxo, Fortunato e Martiño.

25 Sáb. ss. Frutos, Crisanto e Daria.

26 Dom. *Festividáde de Cristo Rey.*—ss. Evaristo, Luciano, Florencia e Marciano.

27 Lun. ss. Vicente, Sabina, Cristeta e Catalina.

Crescente en Acuario, as cinco da mañán.

28 O inverno quere adiantarse. Tempo revolto. Agua, brétemas, unha miguiña de neve na montaña. Ei veñen as enchentes de San Simón, que han ser soadas.

28 Mar. ss. Simeón e Xudas Tadeo.

29 Miér. ss. Narciso, Xerona e Eusebio.—*Festividáde dos Caidos.*

30 Juev. ss. Cenobia, Claudio e Amparo.

31 Vier. ss. Urbano e Quintin.

Adiviñas

I

Verde no monte,
negra na casa,
roxa na brasa.*

A LEÑA.

II

Arquiña pechada
de bon parecer
ningún carpinteiro
a sabe facer
sólo Dios
con sólo seu poder.

A NOZ.

NOVEMBRO 30 DIAS

MES DE SANTOS

- 1 Sáb. † A Festa de Todolos Santos.—ss. Benigno, Cesáreo y María.
- 2 Dom. A Commemoración dos difuntos e S. Xusto.
- 3 Lun. ss. Valentín, Hilario, Malaquías e Teófilo.
- 4 Mar. ss. Carlos Borromeo e Domingo.

Cheia en Tauro, as duas da madrugada.

Tempo sereo. Mañás de xiada, dias amorosiños e cociadores, noites frias. Unhas brétemas de remate e temos de novo o vento S. descomponiendo a tempía.

- 5 Miér. ss. Zacarías, Eusebio, Fiz e Isabel.
- 6 Juev. ss. Leonardo, Severo e Vinoco.
- 7 Vier. ss. Herculano, Amaranto, Ernesto e Florencio.
- 8 Sáb. S. Alvito bispo (G), O Patrocinio de Nosa Sra. e ss. Severiano, Severo, Victorino e Godofredo.
- 9 Dom. Nosa Sra. da Almudena.
- 10 Lun. ss. Aniano, Demetrio e Andrés.
- 11 Mar. ss. Martiño, Bartolomé e Toribio.
- 12 Miér. ss. Millán, Diego de Alcalá e Paterno.

Mingoante en Leo, as catro e media da mañán.

Os ríos viñeron ben medrados, o Ulla mais que ningún, e non faltaron desgracias das treboadas. Seica ímos melhorar pois a lúa nova, que ven no Escorpión, quer deixarnos un tempo enxoito.

- 13 Juev. ss. Estanislao, Uxío III, Homobono e Rufo.
- 14 Vier. Sta. Trahamunda de Poio abogosa dos emigrantes (G) e ss. Serapio, Lourenzo e Veneranda.
- 15 Sáb. ss. Uxío I, Leopoldo e Leóncio.
- 16 Dom. ss. Rufino, Marcos, Valero i-Edmundo.
- 17 Lun. ss. Acisclo e Victoria.
- 18 Mar. ss. Román, Máximo, Odón e Pedro.
- 19 Miér. ss. Isabel, Ponciano e Crispín.

Nova en Escorpio, as doce e cinco da noite.

Tempo uns días doces. Despois friaxe dabondo. As

terras baixas e lamacentas siguen cheas de humedade.
O inverno non somella bó pras hortas.

20 Juev. ss. Félix de Valois, Simplicio e Agapito.— *Dia de José Antonio.*

21 Vier. ss. Estebo, Honorio e Rufo.

22 Sáb. Bto. Xohan de Pontevedra, (G), ss. Columblar o e Mario.

Sol en Sagitario as catro e media da tarde

23 Dom. ss. Clemente, Felicitas e Lúcrecia.

24 Lun. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Juan de la Cruz, Crisógeno e Flora.

25 Mar. ss. Catalina, Moisés e Gonzalo.

Crescente en Piscis, as seis da tarde.

26 Neve dabondo. Dias de m'ita friaxe. Algunhas xadas. Logo un temporal curto, do Oeste na veiramar.

26 Miér. Os Santos Mártires de Córdoba.

27 Juev. ss. Virxilio, Facundo e Primitivo.

28 Vier. ss. Gregorio III, Estebo e Valeriano.

29 Sáb. ss. Iluminada e Saturnino.— *Péchanse velacións.*

30 Dom. I de Advento —ss. Andrés, Constancia e Xustina.—I. P.

Cantigas

Cásate Xan en domingo
estarás o luns de boda,
o martes traballarás,
acabouse a festa toda.

—Preguiciña, ¿queres pan?

—Sí señora, si mo dan.

—Vai buscal-o coitelo.

—Non señora, non o quero.

Da miña ventán ben vexo
o fondo que ten o mar,
tamén vexo os meus amores
e non lles podo falar.

DECEMBRO 31 DIAS

M E S D E N A D A L

- 1 Lun. ss. Eloy, Natalia e Cándida.—I. P.
- 2 Mar. ss. Bibiana, Elisa e Aureliana.
- 3 Miér. ss. Francisco Xavier e Claudio.

Cheia en Géminis, perto das nove da noite.

● Tempo frío, pero despexado. Días craros. Pódese coller unha raxeiriña de sol que dá xenio.

- 4 Juev. ss. Osmundo, Cleto e Bárbara.
- 5 Vier. ss. Sabas, Agripina e Dalmacio.
- 6 Sáb. ss. Fernando abade de Antealtares (G), Nicolás de Bari i Emiliano.
- 7 Dom. II de Advento.—ss. Ambrosio, Policarpo e Ur-bán.—I. P.
- 8 Lun. † A Purísima Concepción de Nosa Señora.—Santos Macario i Esther.
- 9 Mar. ss. Restituto, Cipriano e Locaia.
- 10 Miér. S. Florencio abade (G), Nosa Sra. de Loreto ss. Eulalia i-Hermóxenes.
- 11 Juev. ss. Dámaso Papa (G), Sabino e Daniel.

● *Mingoante en Virgo, as sete menos coarto da noite.*
Nadal nada. Imos ter unha Noiteboa ben escura se o ventiño do mar sigue revirando o tempo. Neve, sempre moita neve nas montañas.

- 12 Vier. Nosa Sra. de Guadalupe e San Constancio.
- 13 Sáb. ss. Uxío, Orestes e Lucía.
- 14 Dom. III de Advento. ss. Nicasio, Xusto, Pompeyo i-Espíridión.—I. P.
- 15 Lun. ss. Eusebio, Valeriano, Máximo e Fortunato.—I. P.
- 16 Mar. ss. Valentín e Delaira.
- 17 Miér. ss. Francisco de Sena, Lázaro e Olimpia.—Tém-poras.—I. P.
- 18 Juev. Nosa Señora da O., antigua Patrona de Pontevedra.

● *Nova en Sagitario, as dez e coarto da mañán.*
O ano, vai vello e arrepintese, quer morrer con bera.

Mais os ventos do Sur non queren deixarlle un respiro
moi longo e temos borrascas curtas Nos outos moita
neve que anuncia un bó 1942.

- 19 Vier. ss. Nemesio e Timoteo.—*Tempora*.—*Abstinencia de carne*.—I. P.
20 Sáb. ss. Teófilo, Xulio e Domingo de Silos.—*Tempos*.—*Año con abstinencia*.—I. P.
21 Dom *IV de Advento*.—ss. Ilduára nai de S. Rosendo,
Adosinda abadesa (G), Tomás e Anastasio. I. P.
22 Lun. ss. Demetrio, Zenón i-Elena

Sol en Capricornio as cinco e media da mañán

INVERNO

- 23 Mar. ss. Victoria, Nicolás, Sérvalo e Vintila eremita.
24 Miér. *Noiteboa*.—ss. Gregorio, Eutimio e Luciano.
25 Juev. † *A Natividade de Noso Señor Xesucristo*.—I. P.

 *Crecente en Aries, as once menos coorto da mañán.*
O dia de Nadal trae unha lúa ben crara. Mais veñen
logo os fríos, as xiadas, as neves i os ventos que non
calman deica que o ano entra. Que entre con ben pra
todos.

- 26 Vier. ss. Estebo e Marino.—*Abrense as velacións*.—I. P.
27 Sáb. ss. Xohan Apóstol, Nicereta e Teodoro.—I. P.
28 Dom. Os Santos Inocentes.—I. P.
29 Lun. Bto. Vidal abade (G), ss. David e Tomás Can-
tuariense.
30 Mar. A *Traslación de Sant-Iago e S. Sabino*.
31 Miér. ss. Franquila abade de Rivas do Sil (G), Sil-
vestre, Columbio e Pauliña.

NOITE-BOA

Brinquen todos de alegria
salten todos de contento
ó golpe das castañolas,
ó son do chifre e pandeiro.

Chegou o noso consolo
chegou o noso remedio;

E nado o Mesías: homes,
festexade o Nacemento.

Amiguiños, Noite é Boa,
boas Navidades temos;
hoxe admiramos na terra
reunido ó ceo enteiro.

Unha danza graciosiña
dispoñamos diante o Neno;
mentras os ánxeles cantan
tamén nosoutros cantemos.

¡Qué Neno tan garridiño!
Parecen, ¡ai! dous luceiros
os seus ollos centelleantes,
que firen d'amor o peito.

¡Ai, que pelo tan roxiño!
¡Ai, que carrillos tan tersos!
¡Ai, que boquiña de rosa!
¡E un imán, un embeleso!

Xesús, e sáltanlle as bágoas...
Meu amor, ¿qué che faremos?
Toma unha rosquía de ovos,
toma mel e queixo fresco.

Manteiga, ou leitiña... nada,
non quer manxares o Neno;
quer corazóns humildados,
quer un amor verdadeiro.

(Nadal lucense de principios do siglo derradeiro,
composto pol-o poeta Antonio Castro).

A aguia e mais o raposo

Conto de rapaces

Dunha ves un raposo viu unha aguia que voaba ben baixiña, e foi él e berróulle moi cordo:

—E logo, ¿pra onde vai, comadre aguia?

—Pra as bodas das estrelas, meu vello.

—E vósté quereríame levar a min tamén.

—Si, señor Raposo, lévoo alá.

—Pois logo baixe que quero subir.

A i-aguia baixou voando, voando, e o raposo subiu de riba dela e comenzaron a voar, outo, outo... E cando estaban aló enriba a i-aguia escomenzou a se sacudir e o raposo que ía moi recreado soltouse. E cando ía baixando, baixando, viu que na terra había unha pena moi grandísima onde él ía cair e púxoselle a berrar:

—¡Fuxe, pena, que te esfachol! ¡Fuxe, pena, que te esfachol!

E como as pedras non fuxen, o raposo caeu e crebouse as costelas. E entramentras a i-aguia ia rindose do raposo que quixera voar e que pensaba que as pedras ían fuxir pra que él non as esfachase.

T r o u l a

O mestre pregunta a Pepiño:

—¿De onde sai a lan?

—Dos carneiros.

—¿I-en que se emprega?

—Non o sei.

—Logo, non sabes de que están feitos estes pantalóns que levas postos.

—Si señor, seino, de outros velllos do meu pai.

Láncara.—O 24; 16 Cedrón; 2 e 17 Puebla; 11 Río (Es-farrapa).

Lorenzana.—O 9, 19 e 28 e mercados os domingos.

Lugo.—O 4, 5 e 6 d' Outono (anual), primeiro e penúltimo viernes, o 12 e mercados os martes, viernes e domingos; penúltimo dia de cada mes Nadela.

Meira.—O segundo e coarto domingo.

Mondoñedo.—O 17, 18 e 19 do Outono (anual); primeiro e terceiro xoves de cada mes, e mercado os xoves; Quendas o 2 de Mayo (anual).

Monterroso.—O 1.^º y o 15 e mercados os miércoles.

Monforte.—O 6 e 24, mercado os miércoles; 5 Fiolleda.

Muras.—O primeiro sábado; primeiro e segundo domingo Viveiro; terceiro domingo Balsa.

Neira de Jusá.—1.^º e 18 Baralla; 7 Sobrado.

Navia de Suarna.—Segundo domingo e derradeiro viernes 23 de Febreiro e 29 de Setembro (anuales) Puebla; terceiro domingo Silvouta; cuarto domingo Paradela; primeiro domingo Rao.

Negreira de Muñiz.—O segundo domingo.

Os Nogales.—O segundo domingo Doncos.

Orol.—O primeiro domingo Miñotos.

Palas de Rey.—O 7 y o 19 e mercado os sábados.

Pantón.—O 1.^º e 15 Ferreira; 18 Santa Mariña.

Páramo.—O 10.

Pastoriza.—Cada quince días en domingo alterno Bretaña; o segundo e cuarto sábado Reigosa.

Piedrafita.—O 5 e 21 y o 8 de Setembro (anual).

Pol.—O 1.^º e 15 Riojuan; 7 e 21 Mosteiro.

Puebla do Brollón.—11 e 25; 29 Xunio (anual); 2 Estación.

Portomarín.—Mercado os domingos.

Quiroga.—O 10 e 27.

Rábade.—O 2 e o 22 e mercado os xueves.

Ribadeo.—Todos os miércoles e o 7 de Setembro.

Riotorto.—Mercado os sábados; 14 e 26 de cada dous meses Moxueira.

Ribas do Sil.—O 16.

Samos.—O 15; 17 Ponte do Lázaro; 4 Castroncán.

Sarria.—O 6 e o 20, San Lázaro (anual) e mercados os domingos.

Saviñao.—O 8 Escairón; 26 Currelos.

Sober.—O 18 e 28.

Taboada.—O 20 e mercados os sábados.

Trabuca.—O primeiro domingo; 25 de Abril Cadeira (anual); 30 de Mayo San Fernando (anual).

Trasparga.—O 28 e o domingo entre o 9 e o 15 Parga 23 Santa Cruz de Parga; 7 Villares; o último domingo Guitiriz e mercado os miércoles.

Triacastela.—O 12 e 28.

Valle d' Ouro.—O miércoles siguiente ao terceiro domingo e mercado os sábados.

Villameá.—Cada quince días e mercado os domngos.

Villaodrid.—O 25 Villaemil.

Viveiro.—O primeiro e terceiro domingo e mercado os xueves, sábados e domingos; o segundo domingo Galdo; lunes de Pascua, Cobas (anual).

Villalba.—O primeiro domingo e martes siguientes a o terceiro e mercados os martes e sábados; último domingo Arbol e mercados os viernes.

Feiras anuales de Galicia

Xaneiro: 7, Portes; 8, Navallos.—*Febreiro*: 3, Portomarín.—*Marzo*: Domingo de Lázaro, Sarria.—*Abril*: 6, Noya; lunes de Cuasimodo, Tuy; lunes de Pascua, Cobas en Viveiro.—*Mayo*: Día da Ascensión, Santiago; 30, Balboa, Ribadeo.—*Xunio*: Pascua de Pentecostés, Padrón; 1, Ourense; 29, Somiedo, e Brollón en Quiroga.—*Xulio*: 2, Coruña; 25, Santiago.-*Agosto*: Día da Peregrina, Pontevedra.—24, San Bartolomé en Penas Agudas, Viveiro.—*Septiembre*: 8, Fonsagrada, 3 días; terceiro domingo, Becerreá; 8, Pedrafita d' o Cebreiro.—*Octubre*: 5, Lugo 3 días; 14, Villalba; 18, Mondoñedo, 3 días; 20, Lindín; terceiro domingo, Becerreá.—*Noviembre*, 1, Monterroso e Pontevedra.—*Diciembre*: Día da Purísima, Alvare, de onde é patrona, feira 12 días e mercado os xoves.



ARTES GRAFICAS

Xerardo Castro

A MELLOR IMPRENTA DA PRO-
VINCIA DE LUGO. ENCUADER-
NACIÓS. PAPELES E CARTÓS

San Pedro, 29

Teléfono 322

LUGO